


AVANZO ELEITORAL DO BNG NO CONCELLO DE MEIS

O BNG colleitou os mellores resultados da súa historia nas pasadas eleccións municipais ao superar o 21% dos votos e acadar un concelleiro máis. Queremos agradecer aos eleitores a confianza depositada en nós. Seguiremos a traballar pola mellora da calidade de vida de todos os veciños e veciñas do concello de Meis.



SABIAS QUE...?????

- ▶ Sabias que máis do 55% da poboación de Meis maior dos 16 anos NON traballan e non hai ningún concello do Salnés que supere esta cifra?
- ▶ Sabias que o concello de Meis distribúe gratuitamente máis de 1000 entradas para as festas dos callos do Mosteiro e nengunha foi para os veciños que coas súas aportacións e o seu esforzo fan que esta Festa vaia a máis?
- ▶ Sabias que no folleto distribuído polo Goberno de Madrid, do Partido Popular, anunciábase para este ano en Galiza un investimento de 14,4 millóns de euros polo "Plan Galicia" e só se orzamentaron 6,2 millóns para o 2004?
- ▶ Sabias que malia contar Galiza co 6,5% da poboación do estado español só recibimos do PP de Madrid o 4% dos presupostos?
- ▶ Sabias que hai 25 anos, as actividades agrarias ocupaban da orde das 600.000 mil persoas en Galiza e hoxe só chegan as 100.000?
- ▶ Sabias que hai 25 anos, a pesca ocupaba máis de 60.000 empregos en Galiza e hoxe non chegan aos 30.000?
- ▶ Sabias que hai 25 anos, a industria ocupaba uns 220.000 traballadores e hoxe está por debaixo desa cifra, pese a terse recuperado com emprego precario da caída que a mediados dos 90 a puxera por debaixo dos 140.000 empregos?
- ▶ HOXE en Galiza hai unha situación laboral totalmente precaria para os máis novos, até tal punto que os xoves galegos TEÑEN QUE EMI GRAR a outros sitios: Andorra, Canarias, Barcelona, Madrid...



Máis información do BNG:

www.bng-galiza.org/osalnes,
E-mail: salnes@bng-galiza.org

BLOQUE

Boletín informativo



Meis, decembro 2003

PARA IMPULSAR A GALIZA DOS NOVOS TEMPOS O BNG CELEBROU A SUA XI ASEMBLEA NACIONAL

Os días 22 e 23 do pasado mes de novembro o Bloque Nacionalista Galego celebrou en Santiago de Compostela a súa XI Asemblea Nacional. A Asemblea Nacional é o máximo órgano de decisión do BNG e nel teñen dereito a participar todos os seus afiliados e afiliadas, que son os que deciden sobre os criterios que van guiar o traballo político até a seguinte Asemblea Nacional e elixen a súa dirección.

Esta Asemblea Nacional tivo unha importancia fundamental dado que abreu un novo ciclo político no BNG ao elixir-se como novo Portavoz Nacional e candidato á Presidencia da Xunta de Galiza a Anxo Quintana González, responsabilidades nas que substitúe a Xosé Manuel Beiras que continuará a partires de agora dando a súa fundamental aportación teórica e práctica ao avance do BNG desde a Presidencia do Consello Nacional.

Abrir-se á sociedade preparando á organización para os novos retos eleitorais do vindeiro ano (eleccións ao Parlamento do Estado e ao Parlamento Europeo), desenvolver unha estratexia que permita profundizar no autogoberno de Galiza foron as cuestións que centraron os debates da militancia do BNG nese dous días de Asemblea. Sabedor de que a sociedade galega está

demandando máis que nunca un "Goberno Próprio", un goberno sen ataduras a estratexias de fóra e que só responda das súas actuacións diante dos galegos e galegas; consciente disto o BNG considera que é fundamental a consolidación do nacionalismo na nosa sociedade, de xeito que esa demanda se transforme nunha decisión consciente da cidadanía de apostar por unha organización política que

defenda unicamente os intereses de Galiza; con ese obxectivo plantexan-se nos documentos aprobados os días 22 e 23 de novembro cales son os mecanismos axeitados para que se produza unha maior e mellor relación do BNG na sociedade e unha maior posibilidade de colaboración e participación directa da sociedade no traballo político e institucional que desenvolvemos en todo o país.

Desde o BNG de Meis somos conscientes de que temos moito traba-

llo por facer, pero confiamos en que as decisións adoptadas nesta XI Asemblea Nacional sirvan para que avancemos liderando unha maioría social, que agarda de nós a capacidade de constituir-nos definitivamente na ferramenta política de referencia para as transformacións sociais que precisa a sociedade galega.



O PRE-ESCOLAR DE STO. TOMÉ E AS MENTIRAS DO ALCALDE

O BNG interesou-se, unha vez máis, pola ubicación provisional do Pre-escolar de Sto. Tomé. Grácias ás actuacións do BNG conseguiron-se importantes avances na súa mellora: aseos, radiadores e hixiene, xa que o goberno municipal do PP se comprometeu a facer efectivas as demandas do BNG. O Alcalde de Meis, dentro da súa política de tomar por tontos a todo o mundo, enganou sistemáticamente aos pais dicindo-lles que os cativos, que empezaron as súas clases no coléxio do Mosteiro, ían estar a mediados de Setembro na "Escola Laica" pero unhas semanas despois foron trasladados á Feira de Gando, iso sí co acordo dos pais. Asegurou-lles que ían estar até o mês de Febreiro...mais o día 20 de Outubro dixo-lles que non podía ser porque, MINTINDO de novo, o BNG paralizara a obra da Gardaría Municipal. O que non sabían os pais é que o alcalde lles tomara de novo o pelo xa que as obras saíron a concurso no Boletín Oficial da Provincia B.O.P. no mes de Outubro e teñen unha duración de 16 meses polo que remataría en XANEIRO do 2005...mais o alcalde, famoso por botarlle as culpas das cousas a todo o mundo menos a él, acusou ao BNG da demora na construción da gardaría. Certo é que non existiu tal denuncia, só na imaxinación virtual do

QUÉ ACONTECE NA CHAMADA "CASA DA CULTURA" DO MOSTEIRO???

Istos días derrubaron o tellado da chamada "Casa da Cultura" que se está a construír no Campo da Feira, Os motivos desta situación non se saben, como tampouco as razóns pola que se tardan 4 anos en construír a edificación...pero seguro que si lle preguntamos ao Alcalde nos diría que a culpa é dos veciños ou seguramente do BNG. **A empresa non tería responsabilidade xa que un dos seus donos é unha persoa moi coñecida da política da provincia...**Xa se sabe os favores hai que pagá-los.



LEGALIZACIÓN URBANÍSTICA DAS CONSTRUCCIÓNS AGROGANDEIRAS: INFORMACIÓN URGENTE!!!!

O BNG informa, xa que non o fai o PP de Meis, da URGENTE legalización das instalacións agrarias, incluídos ALPENDRES, GARAXES INDEPENDENTES DAS CASAS, GALIÑEIROS CASEIROS, ETC. Isto é para facer efectiva a Lei do solo. Se non se legaliza corre-se o risco de posibles denuncias de derrubamento da explotación ou a retirada de actividade. O prazo remata o 31 de DECEMBRO de 2003 e pode-se tramitar nos concellos onde esté situada a instalación ou na Dirección Xeral de Urbanismo (cun informe do concello). **BENEFICIOS DA LEGALIZACIÓN:** Ampliar até nun 10% a súa capacidade ou superficie, chegando até o 50% se a explotación é tradicional ou familiar. Requisito indispensable para obter a licéncia de actividade. Evitar posibles denuncias por non cumprir coa nova Lei.



O PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL FAI-SE PARA OS PROMOTORES

Outra vez, o alcalde de Meis, amosou a súa COBARDIA ao non expoñer ante os veciños o Plano Urbanístico. Por qué o Plano é aprobado en plena campaña electoral cando se ía eleixir a nova corporación? Por qué non se espuxo aos veciños para ver como quedaba?. A cousa é simple...apresenta-se un PELOTAZO urbanístico no concello. Os veciños fícan de lado, o importante son os beneficios económicos dos constructores e promotores, non existe unha ordenación urbanística efectiva senon un Plano feito a medida dos amiguetes do alcalde. Ao final pagaremos-lo todos moi seriamente.

AS PROPOSTAS LEVADAS POLO BNG AO CONCELLO

Mocións apresentadas polo BNG en Meis:

1. Regulamento de Participación Cidadá. Ten como obxectivo a participación dos veciños de Meis nos asuntos do concello reforzando a organización social, creando un tecido asociativo dinámico, aumentando a conciencia cidadá através da participación na toma de decisións, buscando o respaldo social máis amplo posible por medio do diálogo cos sectores implicados e facendo transparente e útil a xestión municipal.
2. Mesa do Prezo da Uva. Que sirva para sentar a todos os implicados, viticultores e adegueiros, para acadar un acordo no prezo da uva, que de seguro beneficiaría ao sector.
3. Posta dun valado no lavadeiro do Mosteiro-Zacande (San Vicente)
4. Mellora na pista da Balada do Pino (Paradela)

Outros temas que plantexamos

1. Os verquidos no río Ansele (O Mosteiro), que de cando en cando aparece convertido nunha cloaca.
2. O porqué de que despois de 3 meses de ser aprobada a cesión dun local, Pleno do 7 de xullo, para a oficina de correos aínda non esté en funcionamento.
3. Se existen proxectos municipais presentados ao PRODER
4. Situación económica do concello de Meis respecto a débeda da Mancomunidade.
5. Coñecer se existen proxectos do concello de Meis na paraxe das Aceñas (Paradela) e se hai algunha colaboración co concello de Vilanova de Arousa.
6. As actividades infantís-xuvenís e culturais que se fixeron en Meis durante a época estival e que participación tiveron.



Mª do Carme Martínez Rodiño, portavoz do BNG en Meis.

AO ALCALDE SEMELLA NON GUSTAR-LLE QUE O BNG TRABALLE POR MEIS

Ante as propostas do BNG o alcalde insulta o labor que realizan os concelleiros/as do Bloque:

- * "O BNG só busca crear polémicas a base de mentiras e disparates" (Diario de Arousa do 08.10.2003)
- * "Os do Bloque son como unha xunza" (afirmación realizada aos pais do Pre-escolar de Sto. Tomé o 20.10.2003)
- * "Os do BNG pensan que son os máis cultos, pero dime de que presumes e direi-che do que carecen porque non entendo que presuman de ser tan cultos e democráticos" (Diario de Arousa do 08.10.2003)
- * "Espero que o BNG siga dicindo tonterías porque vindo dese partido político todo semella normal...só saben criticar". (Diario de Arousa do 08.10.2003)
- * "Non sei, non me lembro, xa contestarei..." (respostas do alcalde, que cobra das arcas do concello 40.000 euros <máis de 6.600.000 pesetas ao ano>, ás preguntas do BNG no Pleno do 29.09.2003)